



Referencia:	2023/16414L
Procedemento::	Expedientes de aprobación y modificación de los presupuestos del Consorcio CIS
Interesado:	
Representante:	
INTERVENCIÓN (4855)	

## ORZAMENTOS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE DO SERVIZO CONTRA INCEDIOS E DE SALVAMENTO PARA O EXERCICIO 2024

### MEMORIA DA PRESIDENCIA

En cumprimento do que dispoñen os artigos 168, apartado 1), paragrafo a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18. 1 apartado a) do Real Decreto 500( 1990 de 20 de abril, esta Presidencia eleva ao Pleno do Consorcio o proxecto do Orzamento e as súas Bases de execución para o exercicio 2024, en unión desta memoria na que se analizan os aspectos máis relevantes e que en síntese son as seguintes:

O proxecto do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento para o exercicio 2024, que se somete á consideración do Pleno do Consorcio, ascende en ingresos e en gastos á **cantidade de 4.651.125,63 euros.**

O proxecto de orzamento presenta o equilibrio formal e real esixido expresamente polo Texto Refundido da lei de Facendas Locais e polo Real Decreto 500/90. Cumpre igualmente o principio de universalidade, dado que o orzamento xeral do Consorcio, inclúe a totalidade dos gastos e os ingresos do mesmo.

Trátase duns orzamentos baseados na eficacia e eficiencia na xestión do consorcio, e reflicten o compromiso coa estabilidade orzamentaria e coa sustentabilidade financeira así como, co límite de gasto non financeiro do Consorcio Provincial.

Polo que se refire ó contido do proxecto do orzamento, pódense destacar os seguintes aspectos:

**DOS GASTOS**

CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO				
ESTADO DE GASTOS: RESUME POR CAPITULOS	Exercicio 2024		Exercicio 2023	
	Importe	% do orzamento		% do orzamento
Capítulo				
1 - Gastos de Persoal	3.325.791,33 €	71,51	199.386,07 €	5%
2 - Gastos correntes en bens e servizos	1.100.134,30 €	23,65	4.011.213,93 €	92%
3 - Gastos Financeiros	200,00 €	0,00	500,00 €	0%
6 - Inversions reais	225.000,00 €	4,84	167.000,00 €	4%
<b><u>TOTAL EN GASTOS</u></b>	<b><u>4.651.125,63 €</u></b>	<b>100,00</b>	<b><u>4.378.100,00 €</u></b>	<b>100%</b>
ESTADO DE INGRESOS: RESUME POR CAPITULOS	Exercicio 2024		Exercicio 2023	
	Importe	% do orzamento		% do orzamento
Capítulo				
3 - Tasas, prezos públicos e outros ingresos	101.000,00 €	2,17	95.000,00 €	2%
4 - Transferenzas correntes	4.550.125,63 €	98,00	4.283.100,00 €	98%
<b><u>TOTAL EN INGRESOS</u></b>	<b><u>4.651.125,63 €</u></b>	<b>100%</b>	<b><u>4.378.100,00 €</u></b>	<b>100%</b>

**Capítulo I** do orzamento, respecto o gasto do persoal, existe correlación entre os créditos do capítulo I de Gastos de Persoal, incluídos no orzamento e o anexo de Persoal de esta entidade local para este exercicio económico, ascendendo a cantidade de 3.325.791,33 euros correspondentes as retribucións do persoal do Consorcio e os importes estimados necesarios para cubrir as baixas, horas, e a cantidade de 923.835,83 euros correspondente a seguridade social do Consorcio.

En canto ao cadro de persoal do Consorcio, estará integrado polas seguintes prazas,



CADRO DE PERSOAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE	
Persoal	nº efectivos
Sarxentos	5
Subxefe	1
Cabo	25
Bombeiros	41
Administrativo	1
Interventora	1
Secretario	1
Tesorera	1
Gerente	1
Limpiadoras	3
	<b>80</b>

As prazas de persoal laboral configúranse como prazas de persoal laboral fixo en atención ao seu carácter estrutural, e sen prexuízo da concreta situación xurídica do persoal que actualmente ocupa as prazas.

O aumento considerable neste capítulo é motivado ao cambio de xestión do Consorcio, pasando a xestión directa dende o 01 de febreiro de 2023.

Cando unha administración pública se subroga, por transmisión de empresa, nun contrato de traballo que tiña carácter indefinido deben manter a categoría de traballadores fixos do Consorcio.

**Capítulo I** en comparación co orzamento do 2023, increméntase en 3.126.405,26 motivado polo cambio de xestión do Consorcio a xestión directa.

Inclúese nestes orzamentos unha subida salarial para o 2024 estimada dun 2 %.

**Representa o 71,51 % do orzamento.**

**Capítulo II** do Orzamento, as contías máis relevantes corresponden ás destinada para edificios, maquinaria, instalacións técnicas e utensilios, vestiario, necesarias todas elas para o desenvolvemento das actividades propias do Consorcio.



Importante destacar neste capítulo, a prestación dos servizos indispensables do consorcio lévase a cabo a través dunha empresa, a antiga concesionaria da prestación, que implican o maior custo deste capítulo, e a dotación necesaria para “xurídicos. Contenciosos”, debido a cantidade de demandas que se están a recibir no consorcio, dende a data da xestión directa.

**Representa o 23,65 % do orzamento.**

**Capítulo III** do Orzamento, gastos financeiros, coa finalidade de facer fronte aos pequenos gastos que polos servizos bancarios se producen durante o exercicio económico. Diminúese a cantidade con respecto ao exercicio anterior

**Representa o 0,001 % do orzamento.**

**Capítulo VI** do Orzamento. Recolle os investimentos reais destinados a creación de infraestruturas e a adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento dos servizos e de aqueles outros gastos de carácter inventariable.

No exercicio 2023 non se executaron gastos en investimentos motivado polo cambio de xestión, polo que dende a xerencia do consorcio propón unha serie de investimentos necesarios e urxentes.

**Representa o 4,84 % do orzamentos**

## **DOS INGRESOS**

*Con respecto aos ingresos, o Consorcio financiarase, de conformidade cos seus estatutos, cos seguintes recursos:*

- As achegas dos entes consorciados
- Subvencións e outros ingresos de dereito público
- As taxas por prestacións de servizos básicos, contribucións especiais e prezos públicos que se establezan de conformidade coa lexislación vixente, que neste orzamento aumentase en 6.000,00 euros con respecto ao exercicio anterior.
- Ingresos de dereito privado e os bens adquiridos polo Consorcio que integran o seu patrimonio.
- O produto das operacións de crédito
- Calquera outro recurso que puidera ser atribuído acordo coa lexislación vixente.



Os ingresos previstos nos orzamentos de 2024 responden fundamentalmente á estimación de ingresos polas taxas pola prestación dos servizos de prevención e intervención en emerxencias, e a aportación de UNESPA completados coas achegas dos entes consorciados (Xunta e Deputación de Ourense) ata complementar o déficit que se orixine, nas porcentaxes establecidas nos Estatutos do consorcio , que son as seguintes:

- Xunta de Galicia: 62,5 %
- Deputación Provincial de Ourense: 37,5 %

Nesta proposta de orzamentos para o exercicio 2024, aumenta a aportación dos entes consorciados para cubrir o déficit xurdido, maior que nos exercicios anteriores.

<b>APORTACIÓNS ENTES CONSORCIADOS</b>	<b>2024</b>	<b>2023</b>	<b>MAIOR APORTACIÓN 2024</b>
Xunta de Galicia	<b>2.533.203,52 €</b>	2.366.250,00 €	166.953,52 €
Deputación Provincial de Ourense	<b>1.519.922,11 €</b>	1.419.750,00 €	100.172,11 €

Nas bases de execución do orzamento clarifícanse tódolos aspectos relativos á xestión e execucións dos orzamentos que non están expresamente recollidos na lexislación de modo imperativo e adáptase o réxime de execución de ingresos e gastos ás peculiaridades do Consorcio.

O que non estea nestas bases rexeranse polas bases da súa entidade matriz, a Deputación Provincial de Ourense.

O total dos créditos orzamentarios consignados poden considerarse suficientes para atender as obrigacións exixibles o Consorcio.

O Consorcio atópase adscrito á Deputación Provincial, polo que os orzamentos do Consorcio deberán integrarse nos orzamentos xerais da administración provincial, e deberán ser aprobados polo Pleno do Consorcio e o da Deputación Provincial.



# CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE OURENSE

Rúa Progreso nº 32 - 32003 Ourense (Pazo da Deputación Provincial)

>112  
EMERXENCIAS  
GALICIA

En Ourense, na data da sinatura electrónica,